

NACEMENTO E HUMANISMO. SÉCULOS XV – XVI

Denomínase Humanismo ó novo movemento que a partir do s. XV, e partindo da Baixa Idade Media, se vai ir impondo no xeito de pensar das elites cultas de Europa Occidental, especialmente en Italia, España, Francia, Países Baixos, Occidente do Sacro Imperio Xermano Romano (ou Imperio alemán) e, finalmente, Inglaterra e Escocia. O Humanismo impulsou unha nova forma de pensamento, na que o home vaise converter no obxecto principal da preocupación intelectual: fronte á idea medieval dos s. XII-XIII do home como a parte dun todo da obra de Deus, na Baixa Idade Media, o afán individualista, de desexo de supervivencia mediante a “fama” e as obras propias, ligadas a un profundo afán renovador da espiritualidade, xunto coa curiosidade polos “outros”: outras terras, outros pobos, a ciencia, van provocar o nacemento deste novo movemento, que se plasmará unha corrente artística denominada Renacemento.

As **características** do Humanismo serán:

- A **exaltación do ser humano** (*antropocentrismo*), baseada na idea de ser o único ser dotado de razón e liberdade (principio bíblico de ser creado a imaxe e semellanza de Deus), de aí que se buscase o establecemento dun método para a busca do coñecemento e da verdade baseado na reflexión e razón, de gran importancia no eido da relixión, xa que levará ó movemento da Reforma.
- Busca de **inspiración** no **pasado grecolatino**, ó que tomarán, dentro do posible, como modelo, especialmente os conceptos filosóficos de Platón e Aristóteles, considerados como modelos de conduta humana.
- O nacemento dun **novo espírito científico**, precisamente derivado dese interese polo coñecemento e o progreso técnico, baseado na observación e na experimentación.
- **Abandono do latín** como vehículo de transmisión da cultura, sendo **substituído polas linguas vernáculas**, que coñecerán os seus primeiros intentos de fixación (caso do castelán con Antonio Nebrija). Un aspecto importante foi a tradución da Biblia do latín ás linguas vernáculas, facéndoa accesible a tódolos letrados (a *Vulgata*).
- O **estudo do latín e o grego** para poder coñecer mellor non só as obras clásicas, senón tamén profundar nos estudos bíblicos, xa que estas foran as linguas orixinais de redacción do Novo Testamento e dos escritos dos Pais da Igrexa, tratando de evita-los erros de interpretación e os engadidos no transcurso dos séculos. Volta á pureza orixinal na relixión.

Dentro deste mundo humanista vai destacar **Erasmus de Rotterdam**, que tratou de unir o interese científico cos estudos bíblicos e dos problemas relixiosos que xorden durante os s. XIV-XV, cunha crítica ós costumes da xerarquía relixiosa e ós distintos movementos de fe popular, considerándose un precursor da Reforma relixiosa do s. XVI.

Este movemento cultural va ir expandíndose por Europa dende fins do s. XV e principios do s. XVI, favorecido pola expansión dunha mellora da impresión: a **imprensa de caracteres móbiles**, que permitirán unha maior, máis rápida e máis barata difusión dos libros, fronte ó sistema anterior de copia manual, sendo o seu impulsor Guttemberg, quen imprimiu o primeiro exemplar con este método en Maguncia (Alemania), no ano 1455: unha Biblia.

Xunto á imprenta, serán de gran importancia as **Academias**, fundadas fóra dos circuitos tradicionais de ensino (universidades); estas Academias estaban patrocinadas por ricos mecenas, que as dotaban de protección económica e procuraban atraer non só ós eruditos máis famosos, senón que tamén procuraban que pertencesen a ela pintores, arquitectos e escultores famosos, xa que agora estes van pasar de ser considerados meros artesáns a “artistas”, é dicir, que serán persoas que pensen e planeen as súas obras de acordo co novo espírito que se está a facer dono das consciencias. Dentro das Academias, a tradución de obras antigas para ser levadas á imprenta, terá unha importancia capital.

Tamén vai haber universidades tradicionais que se sumen a este novo espírito (Bolonía, Padua, Florencia, Lovaina), así como se crearán outras novas con este mesmo fin (Alcalá).

A REFORMA RELIXIOSA

Unha das consecuencias do novo espírito foi o nacemento, dentro das capas cultas e eruditas, dun malestar que xa se viña dando dende a Baixa Idade Media dentro do pobo miúdo ou clases populares: o descontento coa actuación da Igrexa, á que consideraban que traizoaba a mensaxe de Xesús no seguinte: o luxo esaxerado no que vivía a xerarquía eclesiástica; a escasa preparación e a relaxación dos costumes; a venda de cargos eclesiásticos (os altos cargos rara vez eran exercidos por xentes con verdadeira vocación, senón que eran unha forma de poder manter o poder das familias nobres) e a venda de bulas e indulxencias (compra-lo perdón dos pecados) para obter cartos para paga-las obras de arte ou as guerras que mantiña o Papado. Estes humanistas, entre os que estaba Erasmo de Rotterdam, defendían unha relixiosidade máis íntima, non tan espectacular, baseada na lectura e reflexión da Biblia dun xeito individual.

O detonante da Reforma foi a venda de novas indulxencia por parte de León X para paga-las obras de S. Pedro, promulgadas no ano 1515. Esta actitude foi denunciada por un monxe agostiño alemán, profesor da universidade de Wittenberg, no ano 1517, mediante unha obra “*As 95 teses*”, onde criticaba as indulxencias e o poder da Igrexa para concedelas, así como a propia xerarquía eclesiástica, propugnando unha nova relixiosidade.

Lutero vai lograr o apoio dos príncipes alemáns, xa que estes aspiraban non só a facerse coas propiedades da Igrexa, senón que querían reforza-la súa independencia fronte ó Papa e ó Emperador.

Os principios básicos da **Reforma luterana** era tres:

- A salvación lógrase mediante a fe e non polas obras de caridade
- O sacerdocio universal (co que non é preciso que haxa persoas intermediarias (cura entre o crente e Deus)
- A autoridade da Biblia.

Isto vai facer que cada quen sexa un sacerdote e interprete a Biblia libremente, sen intermediarios da Igrexa. Así mesmo, as cerimoniais relixiosas serán sumamente sinxelas

A doutrina luterana expandírase por Europa, especialmente no entorno nórdico (Alemaña, Países Baixos, Noruega, Dinamarca, Suecia, Inglaterra e Suíza), aínda que pronto van xurdir novas interpretacións como o calvinismo e o anglicanismo que reducirán a súa área de expansión.

- O **calvinismo**, comezouse a difundir en Suíza a partir da cidade de Xenebra, da man de **Xoán Calvino**. Diferenciase do luteranismo en que é máis radical, defendendo que para a salvación non basta coa fe, senón que só nos salvaremos se estamos destinados a facelo (**doutrina da predestinación**), segundo o que Deus decidira xa antes da creación do mundo. Un signo de salvación ven dado polo éxito nos negocios, ó igual que o traballo é signo de virtude moral. A expansión do calvinismo vaise levar a cabo por Francia (Hugonotes), Escocia (Presbiterianos, segundo a igrexa fundada por John Knox) e polos Países Baixos. Non existirán igrexas, só lugares onde se reúnen para levar a cabo lecturas, cantar himnos e lecturas da Biblia.
- O **anglicanismo** xurdirá en Inglaterra, da man de Enrique VIII, que usará como escusa o divorcio con Catalina de Aragón. Cando este é denegado polo Papa, o rei promulgara da **Acta de Supremacía**, mediante a cal se proclamará xefe da Igrexa anglicana, separándose da autoridade do Papa e farase coas terras da Igrexa, promulgándose o peche de conventos e mosteiros. A xerarquía eclesiástica quedará sometida ó rei, pero sen embargo, serán mantidos moitos dos dogmas católicos, así como a cerimoniais solemnes.

A CONTRARREFORMA

A Igrexa Católica vai respostar cunha campaña en dous frontes: militar e relixioso.

No fronte militar, vaise apoiar na loita do Emperador Carlos I de Alemaña, que pretende propugnar unha soa relixión nos seus dominios, enfrontándose militarmente ós príncipes protestantes; aínda que esta foi unha loita que acabou en táboas e na práctica supuxo un triunfo protestante, xa que os príncipes viron recoñecido o dereito de elixir a relixión imperante nos seus territorios (Paz de Augsburgo)

No fronte relixioso, nuns primeiros momentos, tralo intento de conter a predicación de Lutero, a Igrexa restablece en 1542 a Inquisición en Europa para controla-las desviacións da fe. Outro instrumento foi a elaboración dun índice de libros prohibidos ós católicos por conter dogmas contrarios á fe mediante a creación dunha **Congregación do Índice**. O control dos herexes facíase mediante a celebración dun xuízo (*auto de fe*) a tódolos sospeitosos de herexía, que debían abxurar das novas crenza ou ser condenados, nalgúns casos á morte na fogueira.

Ademais destas medidas, a Igrexa vai iniciar a súa propia reforma, co obxecto de corrixir os seus erros e defende-los dogmas da fe católica. Esta reforma será coñecida co nome de **CONTRARREFORMA**, que quedou fixada no transcurso do Concilio de Trento (1645-63, con interrupcións) e o cal asistiron as máis altas autoridades, tanto relixiosas como políticas (Papa, cardeais, Emperador,...).

As **medidas** tomadas foron as que reafirmaban os dogmas católicos:

Validez dos sacramentos, valor da Virxe e os santos como intermediarios, importancia tanto da fe como das boas obras, a sacralidade da misa e una única interpretación bíblica válida: a Vulgata, que fora traducida ó latín por S. Xerome. Isto en canto a dogmas de fe.

En canto á Igrexa como organismo vanse tomar varias **medidas**: reforma da administración e disciplina eclesiástica: prohibición da venda de indulxencias e bulas, creación de seminarios para a formación do clero, obrigatoriedade de residencia nas sedes episcopais para os bispos e nas parroquias para os curas e, finalmente, insistíuse no celibato e na vida exemplar para os clérigos..

A instrución correcta da doutrina levou a publicación do catecismo, ou libro recompilerio das crenzas fundamentais da Igrexa, así como posteriormente, guía de conduta e moral.

A difusión dos ideais da Contrarreforma levouse a cabo mediante a reforma de antigas ordes relixiosas (carmelitas por Santa Teresa de Jesús) e creación doutras novas, como a Compañía de Jesús, fundada por Ignacio de Loyola, caracterizada pola rixidez disciplinaria así como pola súa calidade formativa.

O NOVO ESPÍRITU DO RENACEMENTO

Esta nova maneira renacentista de pensar vaise difundir polas cidades dominadas pola burguesía rica e de mentalidade máis aberta e acorde cos novos tempos.

Unha característica desta época vai se-lo **individualismo** e o culto ó esforzo persoal (que tan ben casaba co protestantismo, especialmente co calvinismo), así como unha **secularización** da vida e un relativo abandono da importancia da relixión como centro da vida cultural e espiritual.

O novo ideal do home renacentista é o cortesán: un guerreiro culto e refinado, coñecedor da filosofía, a arte, a música, a poesía, ó que lle gusta rodearse de eruditos e artistas. Isto provocará un cambio dentro da nobreza, que pasa de residir nas súas propiedades para residir nos centros urbanos, que se converten xa definitivamente nos centros de poder.

Onde mellor se aprecia este cambio de mentalidades vai ser na Italia renacentista do s. XV, onde persoeiros como Cosme de Médicis e, sobre todo, o seu neto, Lourenzo de Médicis “O Magnífico”, van se-los grandes impulsores do Renacemento e con eles outros persoeiros da cidade (Os Pazzi, os Ricordi, ...) así como doutras cidades italianas, no só Florencia: duques de Padua, de Mantua, as clases dirixentes de Xénova e Venecia, os Sforzza de Milán, etc. Esta labor de protección e difusión de artistas e ideas grazas á súa riqueza, vai ser coñecida co nome de **mecenazgo**, e os seus artífices como mecenas.

O Renacemento significa una **nova concepción artística** onde se vai recupera-la arte da Antigüidade grecorromana, abandonándose todo ideal gótico e románico, ós que consideran feos e escuros, froito dunha época na que a luz do coñecemento se perdera (de aí ven a concepción da Idade Media como unha época de escuridade, cando é nela onde se levarán a cabo avances que permitirán a chegada do Renacemento e a etapa moderna). Xunto coa temática relixiosa, que non vai desaparecer, os **temas profanos** que teñan unha orixe grecorromana baseados na **mitoloxía clásica** van acadar unha importancia capital.

Os obxectivos do Renacemento van ser:

- a **plasmación** da *beleza ideal*, considerando que ó ser humano é a obra máis perfecta de Deus, debe ser representada do modo máis natural posible: de aí a proliferación de retratos persoais e figuras tanto relixiosas como mitolóxicas. Por este motivo vaise utiliza-lo canon clásico.
- Por outra banda, a preocupación polo estudo da natureza e da anatomía humana.
- A busca da **simplicidade de liñas** na arquitectura, onde se van facer templos á medida do home, abandonándose a verticalidade gótica. Un elemento fundamental da nova arquitectura vai se-la aplicación da **perspectiva**, é dicir, das regras de proporcionalidade matemática.

Un dos cambios máis importantes da mentalidade desta época foi o paso na consideración dos artistas, que se ser artesáns membros dun gremio, van ser considerados os autores materiais das ideas que plasman, polo que van gañar prestixio e recoñecemento social.

O Renacemento vaise dividir en dúas etapas moi claras:

O QUATTROCENTO, que corresponde ó s. XV e o CINQUECENTO, ó s. XVI.

O **QUATTROCENTO**, vai xurdir principalmente na Florencia do s. XV dominada polos Médicis e vaise desenvolver, fundamentalmente, nos campos da arquitectura, escultura e pintura, así como en Venecia, sobre todo na pintura, xa que a súa arquitectura aínda vai manter una forte pegada gótica e oriental (Catedral de S. Marcos).

O **CINQUECENTO** vai ver como Roma substitúe a Florencia á vangarda artística renacentista, sobre todo ata 1527, ano do “sacco” ou saqueo da cidade polas tropas imperiais de Carlos I, fundamentalmente protestantes, que se apropiarán de gran parte da riqueza artística da cidade. A partir desta data, o Renacemento remata a súa etapa máis clásica, aparecendo un renacemento máis naturalista, que acabará por provoca-la aparición do Barroco.

Durante o **Quattrocento** os arquitectos introduciron elementos do pasado clásico, tales como frontóns, arcos de medio punto ou os capiteis de orde clásica, os que selles vai unir un novo, o toscano, mistura de xónico e corintio. Ademais usaron as leis da xeometría para a realización das novas construcións; así mesmo, será unha arquitectura moi sinxela, sen adornos e coas columnas e piares pegadas á parede e moi pouco resaltadas. A decoración das igrexas será bicolor, cos elementos portantes e separadores resaltados en cor gris. Na arquitectura civil, palazzios, uso de paramentos romanos a base de grandes bloques sen desbatar na planta baixa, en tanto as fiestras das dúas plantas principais presentarán unha orde clásica. Fronte a etapa anterior, gótica, o Renacemento opta pola horizontalidade nos edificios, caso do Ospedale dei Innocenti. En canto ás plantas utilizadas, van ser de planta central, tanto na construción relixiosa como na civil, aínda que seguirán mantendo a súa importancia as plantas basilicais ou tamén en cruz latina, exclusivas no mundo católico trala reforma protestante.

Os principais arquitectos serán BRUNELLESCHI, autor da cúpula da catedral de Santa María dei Fiori, baseada na do Panteón de Roma, do s. I despois de Cristo, así como de s. Lourenzo, tamén en Florencia.



SantaMaríadeiFiori. Cúpula



Ospedali dei Innocenti.

O outro gran representante foi **Alberti**, quen introduciu as leis da xeometría para acadala harmonía; ademais foi un gran teórico:



Santa María Novela



Santísima Anunciación. Florencia (en perpendicular cos Innocenti de Brunelleschi)



Palazzo Rucellai

ESCULTURA

En escultura, un dos principais elementos diferencialistas vai se-la representación do corpo humano segundo modelos clásicos: canon e temática, destacando non só os elementos mitolóxicos senón tamén porque, por primeira vez dende a antigüidade van aparece-los corpos nús na escultura (Donatello), así como se vai crear un modelo de representación do poder que enlaza con Roma, no caso dos retratos dos condottieros ou grandes xefes militares, con retratos ecuestres, o que non sucedía dende Marco Antonio. Os principais autores van ser **Donatello** (que imprimiu ás súas figuras unha vitalidade e elegancia ata entón descoñecidas) e **Ghiberti** o introdutor do Renacemento na escultura en base ás súas figuras das Portas do Baptisterio de Florencia.

DONATELLO



S.Xurxo



David



retrato do condottiero Gattamelata

GHIBERTI:



Sacrificio Isaac. Porta norte do Baptisterio de Florencia. 1401



Sacrificio de Isaac. Porta Dourada do Baptisterio de Florencia. 1425

En canto á pintura, ó non haber modelos clásicos nos que basearse, esta evolucionou dende o gótico internacional e sobre todo, dende a pintura que dende o s. XII se levaba facendo en Italia, onde se vai desenvolver a perspectiva para a representación da profundidade nunha superficie plana, así como empezan a representala natureza e nos retratos, que agora se van multiplicar, vaíse afondar na psicoloxía do retratado, así como nunha idealización da beleza na representación feminina, así como se vai ir introducindo a representación dos símbolos utilizados polos humanos nas pinturas, xunto coa recreación do mundo mitolóxico grecorromano (Botticelli).

Principais autores:


MASACCIO:



Capela Brancacci. Convento do Carmine. Florencia



Pedro cura ós enfermos coa Sombra. Expulsión do Paraíso



Crucifixión. Santa María Novealla. Florencia

PIERO DELLA FRANCESCA



Flaxelación de Cristo: Estudio da perspectiva



Os duques de Urbino (Battista Sforza e Federico Montefeltro):
Influencia flamenca no tratamento da paisaxe

SANDRO BOTTICELLI:



Primavera



O nacemento de Venus

O CINQUECENTO

Durante o s. XVI, o centro da arte renacentista vai pasar a Roma en detrimento de Florencia, por varias causas: declive dos Médicis e da propia cidade, relevancia do poder papal e recuperación da súa relevancia como capital papal, o que a levará a un enorme desenvolvemento urbano e artístico.

Este renacer de Roma vaise ver capitalizado pola construción da que sería a basílica máis grande da cristiandade, proxecto impulsado por Xulio II, e que se convertería nun dos proxectos máis caros do Vaticano, sendo a súa construción causa indirecta da Reforma protestante.

ARQUITECTURA: San Pedro vaise converter no proxecto arquitectónico máis importante do pleno Renacemento do s. XVI. Edificio de planta central nun inicio, segundo proxecto de Bramante, acomodouse logo a unha planta de cruz latina, xa no barroco, participando no proxecto varios arquitectos, entre eles Sangallo, Rafael e Miguel Anxo, que proxectou a cúpula.





Fig. 6. — Saint-Pierre.
(Plan de Bramante.)

PlanodeBramante




Plano de Miguel Anxo




Cúpula de Miguel Anxo

PALLADIO: arquitecto italiano da segunda metade do s. vai ser o creador dun modelo de “villa” ou casa de campo da burguesía, á que dota de elementos clásicos como frontóns e dun gran equilibrio, que terá unha gran importancia no s. XVII en Europa, sobre todo en Inglaterra:



Villa Rotonda. Exterior e planta

En canto á escultura, o gran dominador foi Miguel Anxo Buonarroti, quen vai marcar a escultura europa ata o s. XX. Con el abandónase o equilibrio clásico dando paso á plasmación dos sentimentos: sobre todo vai ser un escultor relixioso.



A Piedade. Roma



O escravo rebelde



A piedade Rondanini

Como autor de temas mitológicos vai destacar **Benvenuto CELLINI**, que vai ser un autor fundamentalmente de temas mitológicos.




O Perseo



O saleiro de Francisco I de Francia

En relación coa **PINTURA** van destacar varios pintores míticos, figuras claves no Renacemento: Leonardo, Miguel Anxo e Rafael di Sanzio.

LEONARDO: figura central do Renacemento, vai se-lo introdutor da perspectiva aérea na pintura, é dicir, é o primeiro en plasmara atmosfera nos cadros, co que se perde a claridade absoluta e se representan as figuras ou as paisaxes o máis parecido á realidade. Así mesmo vai aplicar dunha perspectiva lineal moi clara, dividindo o seu cadro en cadrados para poder aplicar este principio á pintura e presentar moi claramente a relación das figuras entre as figuras en primeiro plano e o final. Foi autor de cadros pintados ó óleo e frescos sobre paredes e temas relixiosos e retratos con elementos mitolóxicos (unicornios).



A Santa Cea. Milán. Fresco



A dama do armiño. Óleo



A Gioconda




Autorretrato



A Virxe das rochas

RAFAEL DI SANZIO, é considerado o pintor renacentista clásico por excelencia. Gran dominador da técnica, destaca polos seus retratos e pola elegancia das súas composicións. Autor de obras relixiosas e profanas, vai ser un dos grandes pintores papais, xa que foi chamado para decora-las estancias papais, para as que pintou obras alegóricas, como



A Escolade Atenas



A Fornarina



O Papa León X con 2 cardeais



A Virxe dos caraveis

MIGUELANXO: caracterízase pola rotundidade das figuras, cun preciso estudio anatómico, perfectamente esculpidas, volumétricas. Miguelanxo nunca soubo pintar figuras femininas, xa que era un gran admirador do corpo masculino, ó que consideraba máis fermoso.



A Sibila eritrea



A Capela Sixtina. Teito

Durante o s. XVI, Venecia vai ocupar un lugar esencial na historia da arte; a súa pintura vai ser fundamentalmente pictórica, onde a pincelada vai ser fundamental para a representación das figuras por riba da liña. Van destacar:

GIORGIONE: caracterizado pola riqueza cromática da súa obra, o emprego do lenzo en substitución da táboa e o uso da paisaxe como elemento fundamental da súa pintura e o carácter profano da súa obra.



Concerto campestre



Ceres



Venus dormida

TINTORETTO: caracterizado polo uso dramático da perspectiva e dos efectos especiais da luz, que o levan a ser considerado precursor do barroco.



Susana e os vellos




O procurador Marco Grimani

TIZIANO: foi un dos máis versátiles pintores do renacemento: retratos, paisaxes, temas mitolóxicos, relixiosos, , sendo o creador dun tipo de retrato profusamente difundido na posterioridade: en tres cuartos.



Autorretrato



Ariosto



Flora (ideal de beleza renacentista)

A) Venus

B) Carlos V en Mühlberg

C) A Bacanal

C) Dánae recibindo a choiva de ouro

Venus



A)

B)
Carlos
V en
Mühlber
g

Bacanal



Dánae recibindo a chuviade ouro



B)

D)

O Renacemento vaise ir difundido por Europa ó longo do s. XVI, con tres grandes escolas: **Flandres**, caracterizado polo detalle, o realismo e os retratos. Vaisera aquí onde se comece co uso do óleo na pintura, o cal permite unha maior calidade e calidez nas pinturas. En **Alemaña**, tralo triunfo da Reforma, a pintura vai ser fundamentalmente laica, xa que a Igrexa perdeu o seu poder; polo tanto, serán os retratos e as paisaxes as que predominen na pintura. En **Francia**, o renacemento vai ter influencia de Alemaña e Italia, destacando na construción dos castelos, levándose a cabo unha arte moi refinada e ornamental incluíndo todas as artes decorativas.